



## Concello de Xermade

### PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Asunto: aprobación das bases do Certame “Arte-llando co virus” e convocatoria do premio. Expte. 317/2020.**

Vista a situación derivada da pandemia da COVID-19, este concello considera necesario propoñer un certame de creación artística escrita e gráfica dirixido ao alumnado do CEIP Xermade, a efectos de que cada crianza exprese a forma en que viviu esta situación e como imaxinan o futuro dentro da “nova normalidade”.

O financiamento deste certame (1.750,00 euros) procede do crédito previsto para asistencias a órganos colexiados dende l 16 de abril ao 31 de xullo de 2020 e a redución do 25% da dedicación parcial do concelleiro José Prieto Barro nese mesmo período.

Vistas as bases propostas pola Alcaldía en data 22/06/2020, que se transcriben literalmente:

#### **“BASES DO CERTAME “ARTE-LLANDO CONTRA O VIRUS”**

*O Concello de Xermade convida a todo o alumnado do CEIP de Xermade a participar nun certame de creación artística escrita e gráfica. Aqueles alumnos e alumnas que queiran participar deben seguir as presentes bases do concurso:*

#### **Primeira.-**

*Poderán concorrer ao certame o alumnado matriculado no CEIP Plurilingüe de Xermade durante o curso 2019/2020. As categorías serán:*

- *INFANTIL: Alumnado de Infantil e 1º de Primaria.*
- *BENXAMÍN: Alumnado de 2º, 3º e 4º de Primaria*
- *ALEVÍN: Alumnado 5º e 6º de Primaria.*

#### **Segunda.**

*O tema do concurso debe expresar a forma de ver cada participante a actual situación xerada polo COVID 19: como viviron o confinamento, as fases da desescalada, ou como se imaxinan o futuro. Cada categoría terá unha modalidade:*

- *INFANTIL: Creación dun debuxo.*
- *ALEVÍN e BENXAMÍN: Creación dun conto, en lingua galega.*

#### **Terceira.-**

*Os traballos deben ser inéditos e orixinais, presentados nun folio tamaño A4, sen utilizar medios dixitais para a súa realización. Entregaránse só co título, sen ningunha identificación persoal.*

#### **Cuarta.-**

*A entrega dos traballos será presencial, no Concello, en horario de 8.30 a 14.30 horas, desde o día 1 ata o 20 de xullo, achegando unha copia das calificacións do curso 2019/2020, a efectos de acreditar que o alumno/a está matriculado no centro.*

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 3Q5H4LCT9QAVVDJEE32KE5RJK | Corrección: https://concelloxermade.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



## Concello de Xermade

---

### **Quinta.-**

Todo o alumnado participante recibirá un vale por 20 € no momento da entrega do traballo para material escolar, con cargo á aplicación orzamentaria 326.48 (Orzamento municipal 2020 do Concello de Xermade).

De entre os traballos entregados, escolleranse tres premios por cada categoría, que recibirán os seguintes premios:

**- INFANTIL:**

1º Premio: vale para material escolar por valor de 50 €

2º Premio: vale para material escolar por valor de 30 €

3º Premio: vale para material escolar por valor de 20 €

**- ALEVÍN e BENXAMÍN:**

1º Premio: vale para material escolar por valor de 70 €

2º Premio: vale para material escolar por valor de 50 €

3º Premio: vale para material escolar por valor de 35 €

### **Sexta.-**

O xurado estará formado por cinco persoas:

Presidente: Don Roberto García Pernas, alcalde do Concello de Xermade

Vogais:

1º Dona Diana Varela Puñal, escritora e directora de Medulia Editorial.

2º Dona Nélida Coira Pena, Concelleira de Benestar Social e Igualdade do Concello de Xermade.

3º Dona Iria María Pico Roca, auxiliar administrativo do Concello de Xermade .

Secretaria: Dona Lucía Guizán Trastoy, educadora familiar do Concello de Xermade.

O fallo do xurado levarase a cabo antes do 14 de agosto de 2020.

A entrega de premios será na biblioteca municipal de Xermade o día 17 de agosto de 2020 ás 12.00 horas.

### **Sétima.-**

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros.

O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso.

En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

En Xermade, na data da sinatura dixital.

A educadora familiar

Lucía Guizán Trastoy

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 3Q5H4LCT9QAVDJE332KE5RJK | Corrección: https://concelloxermade.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



## Concello de Xermade

---

*Visto e praxe,  
O alcalde"*

Consonte ao artigo 56.1 do regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, xeral de subvencións, emprégase a tramitación anticipada, dado que a concesión do premio non terá lugar ata o mes de agosto.

Consta informe da Intervención municipal, de data 22/06/2020, no que se fai constar que concorre algunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do regulamento.

De acordo co artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións e considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións (apartado d), mediante Decreto núm. 396/2019 (BOP nº 186 do 14/08/2019), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar as Bases do Certame "Arte-llando co virus" e a súa convocatoria.

**SEGUNDO.** A concesión da subvención queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión, consonte ao artigo 56.2 do regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

**TERCEIRO.** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica do Concello de Xermade.

En Xermade, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Roberto García Pernas

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 3Q5H4LCT9QAVDJE332KE5RJK | Corrección: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3